

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12 da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitarale o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. De acordo co indicado no artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, relativo á natureza do Servizo Galego de Saúde. Sinala a resposta CORRECTA:

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) O Servizo Galego de Saúde dispón de plenas competencias regulamentarias.
- C) O obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a promoción da saúde.
- D) O Servizo Galego de Saúde é unha entidade mercantil das reguladas na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando o paciente menor de idade non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender o alcance da intervención, neste caso, o consentimento darao o representante legal, pero deberase oír ao menor se ten... Sinala a resposta CORRECTA:

- A) Quince anos cumpridos.
- B) Doce anos cumpridos.
- C) Catorce anos cumpridos.
- D) Dez anos cumpridos.

3. Segundo o establecido no artigo 9 do Decreto 206/20005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo será necesario reunir diversos requisitos. Sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Estar en condicións de obter a titulación esixida na convocatoria dentro do prazo sinalado na convocatoria.
- B) Ter cumpridos 18 anos de idade.
- C) Pode ser natural dun Estado membro do Espazo Económico Europeo.
- D) Non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde, nos cinco anos anteriores á convocatoria.

4. En relación coa perda da condición de persoal estatutario, cando se produce como consecuencia da pena de inhabilitación especial para a correspondente profesión, a pena debe exceder, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, de Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, de:

- A) Dous anos.
- B) Cinco anos.
- C) Seis anos.
- D) Dez anos.

5. De acordo co indicado no artigo 10 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia, relativo ás funcións que lle corresponden ao Parlamento de Galicia, Sinala a resposta INCORRECTA:

- A) O Parlamento elixe de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- B) O Parlamento exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) O Parlamento pode esixir, no seu caso, a responsabilidade política da Xunta e do seu Presidente.
- D) O Parlamento de Galicia pode presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados os proxectos de ley que estime convenientes.



